

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

Expediente núm.: 160/2024.

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado.

Asunto: PROXECTO DE MELLORA DO CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ZACARADE, O Irixo 2024 -2025.

Documento asinado por: A alcaldesa.

Características do contrato:

Tipo de contrato: Contrato de obras.	
Subtipo do contrato: Obras.	
Obxecto do contrato: Proxecto de Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade no Concello de Irixo 2024-2025.	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: Ordinaria.
Código CPV: <ul style="list-style-type: none">• 45233000-9 Traballos de construción, cimentación e pavimentación• 45233220-7 Traballos de pavimentación de estradas• 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado.	
Valor estimado do contrato: 53.576,67 €	IVE: 11.251,10 €
Prezo: 64.827,77 €	
Duración: anualidade 2024, ata o 14 de outubro de 2024; anualidade 2025, ata o 15 de maio do 2025.	

De conformidade co artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación. As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins, polo que deberá xustificarse no expediente de contratación a necesidade e idoneidade do contrato.

Os camiños rurais e de titularidade municipal contribúen a mellorar as condicións de traballo no sector agrogandeiro e forestal, e permiten dotar de accesos ás entidades ou núcleos de



poboación. O mantemento das correctas condicións de tránsito e circulación son indispensables para axilizar todas as operacións do sector primario, racionalizar os custos e tempos de traballo e, desta forma, rendibilizar as explotacións agrarias.

O camiño municipal, obxecto deste proxecto, proporcionan acceso a numerosas parcelas agrícolas. Debido ao tráfico rodado de vehículos, sobre todo agrícolas (tractores, remolques con carga, cisternas, e outros medios mecanizados), é necesaria a Renovación da pavimentación mediante o Proxecto Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade, cumprindo co disposto no artigo 26 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Este proxecto está financiado ó 100 % do orzamento sen IVE (53.576,67 euros) pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), no que o Concello asume o 21% correspondente ao IVE restante do proxecto, é dicir, a contía de 11.251,10 €, ascendendo o total do proxecto á contía de 64.827,77 euros.

No tocante á existencia de crédito suficiente e axeitado para autorizar o gasto para a execución da obra consistente no “Proxecto de Humanización de Rúas en San Lorenzo”, cabe sinalar que existe crédito na aplicación 454-61900 do orzamento do exercicio do 2023, que se encontra prorrogado, para facer fronte ao gasto desta anualidade.

Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe sinalarse que o gasto previsto, imputarase ao Capítulo 6 do Orzamento de Gastos, aplicación 454-61900, trala tramitación dos expedientes de modificación orzamentaria.

Así, á vista das cifras indicadas, o gasto non xera déficit de financiamento, constatándose así o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria neste exercicio.



O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial, principio non afectado debida á escasa aportación do concello no seu financiamento. O obxecto do contrato é a execución das obras correspondentes ao proxecto:

Obxecto:	"Proxecto de Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade no Concello de Irixo 2024-2025"		
Autor do Proxecto	Titulación	Orzamento	Data aprobación
Demetrio Espinosa Mangana	Enxeñeiro Téc Agrícola	64.827,77 €	23/02/2024

A Obra, que é obxecto deste contrato, é un dos servizos básicos que deben prestar as entidades locais, posto que o Proxecto de Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade no Concello de Irixo 2024-2025 será para a pavimentación das vías públicas, tal como dispón o artigo 26 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Non se prevé a división do contrato en lotes, por tratarse dunha obra completa e susceptible de utilización independente, de conformidade co artigo 13.3 da Lei 9/2017.

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula oitava do pregio (Anexo II).

A elección do procedemento de adxudicación xustifícase por razón da contía do contrato, de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP. A presentación de ofertas e solicitudes de



participación levarase a cabo utilizando medios manuais, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición Adicional décimo quinta.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas nos seguintes casos:

- a) Cando, debido ao carácter especializado da contratación, o uso de medios electrónicos requiriría ferramentas, dispositivos ou formatos de arquivo específicos que non están en xeral dispoñibles ou non aceptan os programas xeralmente dispoñibles.
- b) Cando as aplicacións que soportan formatos de arquivo axeitados para a descrición das ofertas utilizan formatos de arquivo que non poden ser procesados por outros programas abertos ou xeralmente dispoñibles ou están suxeitas a un réxime de licenzas de uso privativo e o órgano de contratación non poida ofrecelas para a súa descarga ou utilización a distancia.
- c) Cando a utilización de medios electrónicos requira equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.
- d) Cando os pregos da contratación requiran a presentación de modelos físicos ou a escala que non poden ser transmitidos utilizando medios electrónicos.

Para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que o emprego de medios electrónicos require equipos ofimáticos e/ou aplicacións informáticas especializadas das que non dispón o órgano de contratación. O órgano de contratación non pode garantir segundo o estado da técnica a integridade de datos e confidencialidade das ofertas, con arranxo ó disposto na D.A. decimoquinta da LCSP.

En Irixo (O), a 19 de agosto de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

